

2022

MEMORIA*****

INFORME DO REITOR*****
***** UNIVERSIDADE
AO CLAUSTRO***** DA CORUÑA


2022

MEMORIA*****

INFORME DO REITOR*****
***** UNIVERSIDADE
AO CLAUSTRO***** DA CORUÑA

Índice Memoria de Xestión 2022

Índice xeral	V	Centros de investigación - CITIC, CITEEC, CITENI e CICA	
Índice de cadros	VII		
Introdución	XIII		
Capítulo 1. A UDC en cifras	1	Capítulo 5. Recursos humanos	113
Capítulo 2. Órganos de Goberno.	3	PDI	
Equipo reitoral		PAS	
Claustro		INV	
Consello Social		Internacionalización	
Valedora Universitaria		Capítulo 6. Xestión económica.	121
Consello de Goberno		Evolución do orzamento	
Secretaría Xeral		Liquidación do orzamento	
Xerencia		Capítulo 7. Servizos	125
Capítulo 3. Área académica	15	CUFIE	
Estrutura		Biblioteca Universitaria	
Oferta académica		UTC	
Resultados		SIC	
Seguimento		Servizo de Publicacións	
Bolsas e axudas		Extensión Universitaria	
Internacionalización		Servizo de Normalización Lingüística	
Capítulo 4. Área de investigación.	87	SAI	
Estrutura		Rexistro, Documentación e Arquivo	
Proxectos, contratos e financiamento		Asesoría Xurídica	
Bolsas e axudas		Cooperación e Voluntariado	
Resultados e transferencia		ADI	
		Centro de Linguas	
		Servizo de Publicacións	
		Extensión Universitaria	



Índice de cadros MEMORIA 2022

	Páxina
03 Área académica	
Estrutura	
3.1 Centros e decanos/as e directores/as	16
3.2 Departamentos e directores/as	17
3.3 Escola Internacional de Doutoramento	21
3.4 Universidade Sénior	21
3.5 Centro de Linguas	21
Oferta	
3.6 Oferta académica no curso 2022-2023. Graos	22
3.7 Oferta académica no curso 2022-2023. Programas de simultaneidade	23
3.8 Oferta académica no curso 2022-2023. Másteres	24
3.9 Oferta académica no curso 2022-2023. Programas de doutoramento	26
3.10 Oferta de titulacións non oficiais e formación complementaria en 2022-2023	27
Resultados	
<i>Ensinanzas oficiais</i>	
3.11 Alumnado da UDC no curso 2022-2023	28
3.12 Evolución da matrícula total na UDC	29
3.13 Alumnado de novo ingreso en graos da UDC en 2022-2023	29
3.14 Alumnado egresado da UDC en 2021-2022	30
3.15 Alumnado de grao en 2022-2023 por titulación	31
3.16 Alumnado de másteres oficiais en 2022-2023	33
3.17 Alumnado de programas de doutoramento en 2022-2023	35
3.18 Egresados/as en 2021-2022 por titulación. Grao	36
3.19 Egresados/as en 2021-2022 por titulación. Máster	38
3.20 Teses lidas en 2021-2022 por programa e sexo	40
3.21 Matrícula en graos en 2022-2023 por procedencia	41
3.22 Evolución da matrícula nos graos	42
3.23 Evolución da matrícula nos másteres oficiais	44
3.24 Evolución da matrícula nos programas de doutoramento	46
3.25 Evolución do alumnado de novo ingreso por titulación	47
3.26 Evolución do número de graduados/as por titulación	49
3.27 Evolución do número de egresados/as de másteres por titulación	51
3.28 Evolución do número de teses de doutoramento defendidas	53
3.29 Taxas de rendemento, éxito e avaliación en 2021-2022	54
3.30 Taxas de eficiencia, éxito e avaliación de egresados en 2021-2022	56

	Páxina
Ensinanzas non oficiais	
3.31 Matrícula en estudos propios en 2021-2022	58
3.32 Evolución da matrícula na Universidade Sénior	58
3.33 Matrícula en actividades de formación complementaria en 2022-2023	59
Seguimento	
Guías docentes	
3.34 Evolución da implantación de títulos	60
3.35 Evolución do número de títulos implantados	60
3.36 Evolución dos cursos, materias e guías implantados en graos	60
3.37 Evolución da porcentaxe de graos implantados por cursos	61
3.38 Evolución da porcentaxe de guías elaboradas por graos implantados	61
3.39 Evolución dos cursos, materias e guías elaborados en másteres	62
3.40 Porcentaxe de guías elaboradas por cursos de másteres implantados	62
Avaliación docente	
3.41 Participación na avaliación docente en 2021-2022	62
3.42 Participación do profesorado na avaliación docente en 2021-2022 por departamento	63
3.43 Participación do alumnado na avaliación docente en 2021-2022 por centro	64
Bolsas e axudas	
3.44 Bolsas do programa xeral e de mobilidade do Ministerio de Educación	65
3.45 Bolsas do Ministerio de Educación para colaboración en departamentos	65
3.46 Evolución do número de bolsas UDC-Santander para estudos de máster	65
3.47 Evolución do número de bolsas propias da UDC	65
3.48 Evolución da contía das bolsas propias da UDC	65
3.49 Evolución das bolsas da UDC para situacións de dificultades económicas	66
3.50 Evolución das axudas para transporte urbano e metropolitano das áreas da Coruña e Ferrol	66
3.51 Prazas nas residencias públicas da UDC en 2021-2022	66
3.52 Evolución do número e contía dos Premios á Excelencia UDC á mellor nota de admisión nos graos en 2021-2022	66
3.53 Premios á Excelencia UDC á mellor nota de admisión nos graos en 2022-2023	67
3.54 Premios Extraordinarios Fin de Grao en 2021-2022	68
3.55 Premios Extraordinarios Fin de Máster en 2021-2022	70
3.56 Premios Extraordinarios de Doutoramento en 2020-2021	73
Internacionalización	
3.57 Mobilidade internacional do alumnado en 2021-2022	73
3.58 Mobilidade internacional do alumnado por centros en 2021-2022	74
3.59 Mobilidade internacional do alumnado por países en 2021-2022	75
3.60 Procedencia do alumnado da International Summer School en 2022 na Coruña	77
3.61 Participación nos programas de mellora das competencias lingüísticas	77
3.62 Participación no programa de profesorado visitante procedente de países de fala inglesa	78
3.63 Evolución do número de axudas para a internacionalización	78
3.64 Evolución do alumnado estranxeiro matriculado na UDC	78
3.65 Alumnado estranxeiro matriculado en estudos regulares na UDC en 2022-2023 por nacionalidade	79
3.66 Alumnado estranxeiro matriculado en estudos regulares na UDC en 2022-2023 por ciclo	81

	Páxina
3.67 Alumnado estranxeiro matriculado en estudos regulares na UDC en 2022-2023 por centro	83
3.68 Evolución dos profesores que imparten materias con docencia en inglés	84
3.69 Evolución do número de materias e créditos ofertados en inglés	84
3.70 Evolución dos alumnos que recibiron clase en materias con docencia en inglés	85
04 Área de investigación	
Estrutura	
4.1 Institutos de investigación	88
4.2 Centros de investigación	88
4.3 Fundacións participadas pola UDC	89
4.4 Grupos de investigación en 2022	90
4.5 Unidades de investigación en 2022	93
4.6 Investigadores individuais	94
Proxectos, contratos e financiamento	
4.7 Evolución dos recursos externos captados pola UDC para investigación	95
4.8 Evolución dos recursos captados en proxectos competitivos	95
4.9 Axudas autonómicas a unidades de investigación competitivas en 2022	95
4.10 Número de contratos e convenios de investigación da UDC con empresas e administracións públicas	96
4.11 Importe dos contratos e convenios de investigación con empresas e administracións públicas	96
Bolsas e axudas	
4.12 Evolución das bolsas e contratos de investigación por sexo	97
Resultados e transferencia	
4.13 Producción da UDC na base de datos Web of Science	98
4.14 Evolución do número de artigos da UDC na base de datos Web of Science	98
4.15 Evolución dos resultados da investigación xerada na UDC e protexidos pola propiedade industrial e intelectual	99
4.16 Ingresos por licenzas de tecnoloxías ou coñecemento xerado na UDC	99
4.17 Evolución do número de empresas start-up creadas e spin-offs participadas pola UDC	99
4.18 Captación de talento e solicitudes ao European Research Council en 2022	99
4.19 Evolución do número de sexenios dos corpos docentes universitarios	100
4.20 Sexenios do corpo docente universitario en 2022	100
Centros de investigación	
CITIC	
4.21 Evolución dos recursos de I+D+i captados polo CITIC segundo procedencia	101
4.22 Evolución dos recursos captados polo CITIC segundo tipoloxía do proxecto	101
4.23 Evolución dos recursos xestionados polo CITIC	101
4.24 Evolución da produción científica e tecnolóxica do CITIC	102
4.25 Evolución do equipo científico e de xestión do CITIC	102
4.26 Clasificación dos recursos captados de I+D+i segundo a súa procedencia	102
CITEEC	
4.27 Desenvolvemento de axudas para equipamentos do CITEEC das anualidades 2021 e 2022	103
4.28 Proxectos de investigación con soporte no CITEEC	103
4.29 Convenios con empresas con soporte no CITEEC	103
4.30 Comparativa da evolución de proxectos de investigación e convenios con empresas no CITEEC	104

	Páxina
4.31 Evolución do total de proxectos e convenios con soporte no CITEEC	104
4.32 Evolución do financiamento de proxectos e convenios con soporte no CITEEC	105
4.33 Grupos de investigación vencellados ao CITEEC que tiveron axudas de consolidación en 2022	105
4.34 Financiamento captado para a Agrupación Estratéxica do CITEEC	106
4.35 Integrantes dos grupos de investigación do CITEEC segundo sexo	106
4.36 Proxectos e convenios acadados nos grupos de investigación do CITEEC segundo sexo	106
CITENI	
4.37 Evolución do número de proxectos de investigación no CITENI	107
4.38 Evolución do orzamento executado polos grupos do CITENI	107
4.39 Evolución do número de contratos de asistencia técnica do CITENI	108
4.40 Evolución do número de empresas con que traballaron os grupos do CITENI	108
4.41 Número de artigos publicados en revistas recollidas no SCI	109
4.42 Persoal vinculado ao CITENI en 2022 segundo sexo	109
CICA	
4.43 Evolución das principais cifras do CICA	110
4.44 Persoal do CICA en 2022 segundo sexo	110
4.45 Investigadores/as con axudas ou bolsas no CICA en 2022	110
4.46 Evolución do número e o importe dos proxectos do CICA	111
4.47 Participación nos proxectos do CICA en 2022 por sexo	111
4.48 Evolución do número e o importe dos contratos e convenios do CICA	111
05 Recursos humanos	
Persoal docente e investigador (PDI)	
5.1 Profesorado en 2022 (decembro) por categoría, sexo e dedicación	114
5.2 Persoal docente e investigador en 2022 segundo réxime xurídico	114
5.3 PDI doutor en 2022 por centro	115
5.4 Evolución dos corpos docentes universitarios	116
5.5 PDI por idade e sexo	116
Persoal de administración e servizos (PAS)	
5.6 PAS funcionario en 2022 por escala, sexo e grupo	117
5.7 Evolución do PAS por tipo de persoal	117
Persoal investigador (INV)	
5.8 Persoal investigador en 2022 por categoría e sexo	118
5.9 Evolución do persoal administrativo contratado en proxectos de investigación	118
5.10 Evolución do persoal técnico de apoio contratado en proxectos de investigación, por sexo	118
Internacionalización	
5.11 Evolución do número de participantes en Erasmus STT (formación) (PAS+PDI)	119
5.12 Evolución da mobilidade do PDI do programa Erasmus STA	119
5.13 Evolución do número de investigadores/as visitantes	120
06 Xestión económica	
6.1 Evolución xeral do orzamento da UDC	122
6.2 Evolución do orzamento da UDC por capítulos	123
Liquidación do orzamento	
6.3 Liquidación do estado de ingresos do exercicio 2021	124
6.4 Liquidación do estado de gastos do exercicio 2021	124

07 Servizos**Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)**

7.1	Tráfico de visitas á páxina web do CUFIE (xaneiro- xullo 2022)	126
7.2	Formación virtual e a distancia no curso 2021-2022	126
7.3	Participación nos cursos de apoio á aprendizaxe no curso 2021-2022	126
7.4	Participación no Plan de apoio ao doutoramento e á investigación	127
7.5	Participación no Plan de Formación Inicial en 2021-2022	127
7.6	Programas de apoio ao ensino no curso 2021-2022	127
7.7	Formación ofertada polo CUFIE en colaboración con outros servizos no curso 2021-2022	127
7.8	Evolución do número de proxectos e experiencias de aprendizaxe-servizo presentados	128
7.9	Participación nas xornadas de innovación docente	128
7.10	Participación na segunda xornada de aprendizaxe-servizo	128
7.11	Grupos de Innovación Educativa presentados en 2021-2022	128
7.12	Sesións formativas en directo en 2022 en Obradoiros adicados a ferramentas Microsoft 365	129

Biblioteca Universitaria

7.13	Evolución do gasto total en fondos bibliográficos e documentais 2018-2022	129
7.14	Evolución do investimento da UDC en revistas e bases de datos 2018-2022	129
7.15	Evolución de usuarios, persoal e instalacións da Biblioteca Universitaria 2018-2022	130
7.16	Evolución das coleccións e dos recursos da Biblioteca Universitaria 2018-2022	130
7.17	Evolución do uso de servizos da Biblioteca Universitaria 2018-2022	131
7.18	Evolución dos indicadores básicos da Biblioteca Universitaria 2018-2022	131
7.19	Evolución do número de usuarios por sectores 2018-2022	131

Unidade Técnica de Calidade

7.20	Informes anuais de seguimento por título presentados e recibidos	132
7.21	Graos e másteres universitarios da UDC, ou que coordina esta, que renovaron a súa acreditación en 2022	132
7.22	Programas Oficiais de Doutoramento da UDC, ou que coordina esta, que renovaron a súa acreditación en 2022	132
7.23	Centros que renovaron a certificación da implantación do SGC en 2022	133
7.24	Participación do profesorado na XI convocatoria do Programa Docencia	133
7.25	Certificacións e acreditacións por normas ISO en 2022	133

Informática e Comunicións (SIC)

7.26	Evolución da actividade do Servizo de Informática e Comunicóns	134
------	--	-----

Servizo de Normalización Lingüística

7.27	Evolución do asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística 2018-2022	138
7.28	Cursos de lingua para profesorado en 2021-2022	138
7.29	Axudas á investigación en lingua galega en 2022	138
7.30	Evolución das axudas a traballos de investigación en lingua galega 2018-2022	138

Servizo de Apoio á Investigación (SAI)

7.31	Evolución do número de mostras rexistradas no SAI	139
7.32	Evolución do número de mostras segundo o tipo de usuario	139
7.33	Distribución porcentual das mostras do SAI en 2022 segundo o tipo de usuario	139
7.34	Distribución das mostras do SAI en 2022 segundo departamento	140
7.35	Análises realizadas polo SAI en 2022 por áreas da UDC	141

	Páxina
Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo	
7.36 Asentos realizados polo Rexistro da UDC en 2022	142
7.37 Asentos realizados polo Rexistro telemático da UDC en 2022	142
7.38 Certificados FNMT rexistrados pola UDC en 2022	142
Asesoría Xurídica	
7.39 Apuntamentos en 2022	143
7.40 Procedementos iniciados e finalizados en 2022	143
7.41 Resolucións finalizadoras dos procedementos en 2022	143
7.42 Orde contencioso-administrativa en 2022	144
7.43 Orde xurisdiccional social en 2022	145
7.44 Orde xurisdiccional civil en 2022	145
7.45 Orde xurisdiccional penal en 2022	145
7.46 Evolución do número de procedementos 2018-2022	146
7.47 Actuacións da Asesoría Xurídica en 2022	146
Cooperación e Voluntariado	
7.48 Voluntariado por eido de actuación no campus da Coruña e Ferrol en 2022	147
7.49 Evolución dos proxectos de Aprendizaxe e Servizo (Aps)	147
ADI (Unidade de Atención á Diversidade)	
7.50 Evolución dos beneficiarios con exención de taxas por discapacidade	148
7.51 Evolución das solicitudes de servizos para persoas que piden exención de taxas por discapacidade	148
7.52 Evolución das bolsas da UDC para atención á diversidade	148
7.53 Estudantes en prácticas na Unidade de Atención á Diversidade	149
7.54 Actividades da Aula de Formación en Diversidade en 2021-2022	149
Centro de Linguas	
7.55 Estudantes matriculados no Centro de Linguas en 2022	150
7.56 Evolución da matrícula global no Centro de Linguas	150
7.57 Número de estudantes de linguas estranxeiras en 2022 por idiomas	151
7.58 Número de estudantes de linguas estranxeiras en 2022 por campus	151
7.59 Matrícula en actividades complementarias do Centro de Linguas en 2022	151
Servizo de Publicacións	
7.60 Principais datos do Servizo de Publicacións en 2022	152
7.61 Evolución das consultas de revistas electrónicas en 2022	152
7.62 Evolución do número de publicacións da UDC	152
7.63 Evolución do intercambio de libros e revistas do Servizo de Publicacións	153
7.64 Evolución das vendas do Servizo de Publicacións	153
Extensión Universitaria	
7.65 Número de persoas usuarias na Área de Deportes en 2022	154
7.66 Participación de deportistas da UDC nos Campionatos Universitarios de España en 2022	154
7.67 Modalidades e participantes nas ligas deportivas internas universitarias en 2022	154
7.68 Participación infantil nos campamentos de cultura e deporte en 2022	154
7.69 Participación en obradoiros e talleres da Área de Cultura en 2022	154
7.70 Relación de colaboracións económicas concedidas segundo a convocatoria de axudas para a celebración de xornadas, simposios e ciclos de conferencias con data 8 de febreiro de 2022	155
7.71 Cursos de Verán acollidos á convocatoria de axudas para a realización de Cursos de Verán 2022 da UDC convocada con data do 1 de febreiro de 2022	156

Introdución

O ano 2022 permitiunos, á fin, recuperar a desexada **normalidade** da vida universitaria, e mesmo comezou ofrecéndonos a oportunidade de celebrarmos a concesión da honra “Ferrolán do ano” do Concello de Ferrol ao **Campus Industrial da UDC**. Este recoñecemento é unha confirmación a un labor de varios anos pola revitalización dun campus que agora mesmo se está a converter nun referente. Durante moito tempo realizamos un traballo de modernización de títulos, de implantación doutros novos e de dinamización do campus que veu cambiar a súa fisionomía. Foi un fito para o campus a creación da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol que acolle toda a docencia impartida nas antigas Escola Universitaria Politécnica e na Escola Politécnica Superior. Estamos convencidos, á vista dos resultados, de que a EPEF está chamada a se converter no centro de referencia de enxeñaría de Galicia e que se verá potenciado co futuro Edificio de Investigación e Innovación na Industria (EI3) iniciado no pasado ano cun acordo coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, polo que a Xunta de Galicia financia con preto dun millón de euros a elaboración do proxecto do edificio.

Malia as expectativas da saída da pandemia, os seus efectos aínda se deixaron sentir e obrigáronnos a cancelar por segundo ano consecutivo a celebración do Día da Universidade. Esta festividade é unha homenaxe ao alumnado e foi un pesar non poder celebrar co noso estudantado e coas súas familias este recoñecemento ao seu esforzo nunhas condicións inéditas.

Sen dúbida, a recuperación da normalidade en todos os ámbitos das nosas vidas animaba o comezo de ano, cando o mundo se viu sacudido polo inicio da

invasión rusa a **Ucráína**, en febreiro de 2022. Como o resto da sociedade, quedamos profundamente afectados e inmediatamente nos puxemos en disposición de axudar e paliar, na medida das nosas posibilidades, os tráxicos efectos desta guerra. Así preparamos un **plan de axudas** para que o alumnado universitario procedente de Ucraína puidese continuar os seus estudos na nosa universidade. Tamén outros centros e colectivos da UDC achegaron o seu gran de area para lles axudar, cada un desde a súa área, aos afectados por esta guerra.

Para alén do drama humanitario, os efectos do conflito no plano político e no ámbito socioeconómico pronto evidenciaron a súa enorme carga desestabilizadora e tensionaron de diversas maneiras as relacións internacionais, ademais de condicionar con novas restricións económicas a vida das persoas e, tamén, na súa correspondente escala, a nosa vida académica. Ao se prolongar o conflito agudizáronse os seus múltiples efectos, vímonos na obriga de afrontar con **medidas extraordinarias** a carestía dos prezos, fundamentalmente no que atinxe á subministración de enerxía e, nalgúns casos, de distintos materiais. Sufrimos a ralentización dalgúns proxectos e procuramos manter o rumbo na procura dos nosos obxectivos como institución, desde a prudencia e a responsabilidade, co pulo que nos caracteriza.

Ao longo do ano 2022 estivemos traballando no deseño do **Plan estratéxico 2022-2026** para o que contamos coa participación de máis de 120 persoas da comunidade universitaria na elaboración colexiada deste documento, que foi aprobado polo Claustro universitario a comezos de novembro. Será unha folla de ruta moi estimable para posicionar mellor a

Universidade da Coruña no seu contorno de influencia, no marco do SUG e do SUE e no contexto internacional.

Contamos cun novo **Plan galego de financiamento para o SUG 2022-2026**, asinado en febreiro, que mellora na súa parte estrutural respecto dos anteriores. Traballamos arreo para ver recoñecida esta demanda neste novo marco que resulta, por outra banda, máis esixente que outros, ao penalizar economicamente o incumprimento dalgúns criterios.

A pesar da importante pegada da recente pandemia, e o adverso contexto económico marcado pola inflación e as obrigas derivadas da crise enerxética, a nosa universidade desenvolveu as súas funcións de docencia, investigación e transferencia con responsabilidade e normalidade.

Un exercicio máis, a Universidade da Coruña presentou unhas **contas saneadas**, cun orzamento incrementado este ano nun 7,98 %. Mantivemos o noso compromiso coa igualdade de oportunidades para o alumnado, ao apostar por accións xa consolidadas na UDC no que atinxe a bolsas, premios, programas, residencias etc., cunha dotación total de 2,5 millóns de euros. Incrementamos as nosas relacións cos principais sectores produtivos do país e intensificamos as sinerxías institucionais sumando convenios de colaboración en moi diferentes materias. Cabe destacar o convenio de mecenado asinado co conselleiro delegado de Inditex, alumni da UDC, Óscar García Maceiras, por un importe de 1,5 millóns de euros para atraer persoal investigador excelente co programa propio **InTalent** e tamén a creación do **Centro Mixto de Investigación (CEMI) UDC-Navantia "O estaleiro do futuro"**.

No que respecta á captación de talento, o ano 2022 marcou un fito coa incorporación de seis novos investigadores e investigadoras Ramón y Cajal, que levou a que houberse activos 16 investigadores grazas

a este programa. Sen dúbida, neste éxito algo tería que ver o selo "HR Excellence in Research" de Human Resources Strategy for Researchers, HRS4R, que acredita as boas prácticas realizadas na contratación de persoal investigador, que a UDC conseguiu renovar este ano pasado.

Tamén é un logro considerable para esta universidade a constitución do consorcio estratéxico internacional universitario EMERGE (European Margins Engaging for Regional and Global Empowerment), que nos sitúa nun nivel superior de calidade europea. Esta alianza de universidades europeas está formada por Université de Rennes2 (Francia), Université de Bretagne Sud (Francia), University of Limerick (Irlanda), Democritus University of Thrace (Grecia), Europa-Universität Flensburg (Alemaña), Innland Norway University of Applied Sciences (Noruega), Univerzita Mateja Bela (Eslovaquia), Neapolis University Pafos (Chipre) e a Universidade da Coruña.

O ano 2022 está marcado tamén por un fito, externo á Universidade da Coruña en certa maneira, pero que vai ter un impacto máis que significativo no noso futuro como institución. A principios de decembro, o Consello de Ministros elixía a cidade da Coruña como sede da **Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial (AESIA)**. O Goberno salientou o "importante ecosistema universitario da Coruña, tanto na formación como na investigación relacionado coa Intelixencia Artificial, así como o excelente ecosistema empresarial con ata dous *hub* de innovación dixital que xeran un 10 % do emprego galego". Como se sabe, a candidatura da AESIA superou un proceso galego de selección en que a UDC foi determinante ao promover e defender a sede coruñesa.

A AESIA será a primeira sede reguladora do uso da Intelixencia Artificial de Europa e iso implica que a cidade, e por extensión a súa universidade, se convertan en referentes internacionais neste tema. A vinculación da AESIA coa UDC non é só pola formación en

titulacións relacionadas, senón que tamén terá o seu reflexo na investigación en todos os temas ligados á Intelixencia Artificial, e así mesmo, estará vinculada coa Cidade das TIC, en que se poderá testar a innovación derivada.

O proxecto da **Cidade das TIC**, neste ano 2022, pasou a ser unha realidade co inicio das obras do Galaxy Lab, o laboratorio de drons do Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) e do Centro de Servizos Avanzados (CSA), que inauguraremos neste 2023.

A volta á normalidade, tal e como se detalla nas distintas áreas recollidas neste informe, encheu os campus de actividades e iniciativas nos máis variados formatos, como os proxectos expositivos do noso Espazo de Intervención Cultural NORMAL. A mostra **“A Galicia deseñada”** marcou un récord de asistencia e repercusión ao ser a primeira exposición da historia do deseño galego.

Tamén celebramos coa solemnidade que merecen a incorporación ao cadro honorífico da UDC de dous novos **Doutores Honoris Causa**, a profesora Ingrid van Keilegom e o profesor Juan Ignacio Cirac, propostos polo Departamento de Matemáticas e de Química respectivamente.

Antes de comentar área por área os resultados da xestión de 2022 que se inclúen nesta memoria anual, quero salientar aquí que, no ámbito da responsabilidade social, a UDC veu recoñecida a súa aposta polos valores da inclusión educativa ao ser galardoado o título propio **Programa Espazo Compartido** co VIII Premio Fundación Diversidade, na modalidade de institución pública. Felicito, ademais, o noso profesorado que este ano pasado viu recoñecido o seu labor investigador con premios e distincións nacionais e internacionais ou coa incorporación en distintas academias. O mérito é sen dúbida persoal pero o recoñecemento exerce a súa influencia en toda a Universidade da Coruña.

■ OFERTA ACADÉMICA

Na actualidade, a Universidade da Coruña conta cunha oferta docente consolidada, renovada e preparada para dar resposta con garantía ás necesidades e requirimentos presentes e futuros, e para ter un papel decisivo na acción educativa e cultural que demande a sociedade. Un bo exemplo son as novas titulacións de grao, implantadas a partir do curso académico 2018-19, que destacan por ser pioneiras no SUG, polas competencias que lle outorgan ao estudantado, pola súa avanzada xestión académico-administrativa, polas metodoloxías empregadas e pola súa vinculación aos campus de especialización da UDC. Por todo iso, e polas súas características diferenciadas, moitas das titulacións da UDC están a se converter nun referente educativo, tanto dentro do sistema universitario galego como a nivel estatal.

No curso 2022-23, ofertáronse **43 graos** nas diferentes ramas de coñecemento, 7 programas de simultaneidade e 2 graos abertos. Algunhas das titulacións que conforman o catálogo de graos da UDC son únicas no Sistema Universitario Galego. Cómpre destacar a incorporación de dous novos graos interuniversitarios: Intelixencia Artificial e Relacións Internacionais. Polo que se refire aos **másteres** universitarios, a UDC dispón neste momento dunha oferta estable e equilibrada entre as distintas ramas de coñecemento. Neste curso comezaron a súa impartición os másteres en Intelixencia Artificial, en Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social e en Desafíos das Cidades. Este último é unha aposta de formación conxunta entre as universidades de Galicia e do Norte de Portugal, que se enmarca no proxecto Universidade sen Fronteiras (UNISF), financiado polo Programa Transfronteirizo INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP). Ofertáronse, pois, un total de **58** másteres. Así mesmo, é importante salientar que a calidade dos másteres da UDC se viu afianzada novamente pola concesión dos tres recoñecementos de calida-

de entregados pola Xunta ao Sistema Universitario de Galicia. Na terceira convocatoria de Mención de Máster Universitario Excelente da Xunta de Galicia, obtiveron este selo de calidade os másteres en Produción Xornalística e Audiovisual, Computación de Altas Prestacións (interuniversitario coa Universidade de Santiago de Compostela) e Matemática Industrial (interuniversitario coas universidades de Santiago, Vigo, Politécnica de Madrid e Carlos III). A concesión destes selos de excelencia converte a UDC na universidade do SUG que máis selos ten até o momento, ao estar en posesión de sete dos nove selos outorgados.

No que atinxe aos estudos de **doutoramento**, a UDC conta con **39** programas de doutoramento. No curso 2022-23, sumáronse á oferta 3 novos programas, que cobren a necesidade de formar investigadores especialistas en distintos ámbitos: Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias Sociais e Envellecemento, e Matemáticas e Aplicacións. Estes dous últimos tamén son froito do proxecto Universidade sen Fronteiras (UNISF). Tanto a demanda dos programas de doutoramento (en termos de matrícula total) como a súa produtividade (en termos de teses defendidas) mostran a estabilidade destes estudos. Así, a matrícula total e o número de teses defendidas son moi similares desde hai tres cursos académicos, cunha matrícula arredor dos **1.200** estudantes (1.195 no curso 2022-23) e máis dun centenar de teses defendidas cada ano (133 en 2021-22). Isto parece especialmente salientable se temos en conta a situación de excepcionalidade que estivemos a padecer desde marzo de 2020. Mesmo o grao de internacionalización dos estudos de doutoramento seguiu a ser importante, pois un **32 % das teses recibiron a mención internacional**. A esta internacionalización contribuíu en gran medida o programa inMOTION—o programa INDITEX-UDC de axudas á mobilidade dos estudantes de doutoramento que distingue a UDC de moitas outras universidades— que en 2022 beneficiou a 32 estudantes.

Canto á **evolución da matrícula** nas diferentes titulacións da UDC, mantívose en cifras similares ás do último curso. O número de estudantes de másteres experimentou un lixeiro descenso, ao pasar de 2.347 no 2021-22 a 2 303 no 2022-23. Non obstante, cómpre lembrar a tendencia de crecemento ininterrompida dos últimos anos, que levou a un incremento da matrícula nestes estudos superior ao 50 %, respecto ao número de matriculados no curso 2014-15.

Estamos, pois, nunha **fase de consolidación** da estrutura completa das titulacións. O desenvolvemento pleno desta nova estrutura fai necesaria a avaliación continua do impacto das novas actividades. Como consecuencia desta avaliación realizáronse distintas reformas das normativas académicas para as adaptar ás necesidades organizativas e de recursos dos centros, e aos distintos cambios normativos da lexislación estatal e autonómica. A propósito destes últimos, cabe salientar o esforzo que está a supor a adaptación ao Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade. Así mesmo, estase a poñer en marcha un **novo software de xestión académica, SIGMA Academic**. No curso 2021-22, traballouse no preproxecto de implantación. Todas estas novas adaptacións foron e serán posibles pola colaboración e polo traballo dos distintos servizos, dos equipos directivos das diferentes facultades e escolas implicadas, da Escola Internacional de Doutoramento, así como da comunidade universitaria no seu conxunto.

Nos **títulos propios** producíronse cambios relevantes como consecuencia da súa adaptación aos principios reitores establecidos no RD 822/2021 no marco da formación permanente. Elaborouse un novo regulamento, que recolle a división entre estudos de posgrao (máster de formación permanente, diploma de especialización e diploma de experto) e estudos que non requiren titulación universitaria previa, incluíndo a formación específica para persoas con diversidade

funcional. Tamén se regulan nel por primeira vez as microcredenciais, seguindo as recomendacións do Consello da UE do 16 de xuño de 2022. Ademais, elaborouse un primeiro borrador completo do Sistema Interno de Garantía Calidade para a Unidade de Estudos Propios, de acordo coas instrucións recibidas da ACSUG, co obxectivo de o poñer en marcha no vindeiro curso académico. Para axilizar a xestión académica, económica e administrativa, e facilitar o seguimento da calidade destes estudos mediante a xeración e o arquivo de evidencias, decidiuse integralos na primeira fase de implantación de SIGMA Academic. Durante este ano, pois, definiuse o escenario funcional e planificáronse as accións de formación e posta en marcha que se levarán a cabo en 2023, co fin de que no curso 2023-24 todos os estudos propios estean integrados neste novo sistema de xestión académica.

Canto á área de calidade, continuouse a traballar na nova aplicación informática para a xestión do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) dos centros, á vez que se comezou coa revisión da adaptación da documentación dos SGC que estes están a realizar. Déuselle apoio aos centros no proceso de renovación da certificación da implantación dos SGC (4 centros) e na elaboración do autoinforme e recompilación de evidencias e indicadores para o desenvolvemento dos procesos de seguimento anual de títulos e de renovación da acreditación, que se envían á ACSUG: 8 autoinformes de seguimento (7 graos e 1 máster) e 4 autoinformes de renovación de acreditación. Así mesmo, proporcionóuselles asesoramento na elaboración das accións de mellora e alegacións para dar resposta aos informes provisionais da ACSUG de seguimento anual e de renovación da acreditación. No ano 2022, tamén se publicou a XI Convocatoria do Programa Docencia, en que se avaliaron 128 docentes. Cabe facer unha valoración positiva dos resultados das valoracións finais acadadas, pois un 41,22 % obtivo unha valoración de desempeño excelente (14 profesores/as recibiron un certificado de excelencia);

un 54.20 %, de desempeño notable; e un 2.29 %, de desempeño aceptable.

Durante este curso, o **Centro Universitario de Formación e Innovación** (CUFIE) apostou pola formación permanente do profesorado e do estudiantado da UDC a través dos diferentes plans formativos que oferta e que permiten realizar boa parte da formación en formato síncrono virtual. No que se refire á innovación, o CUFIE xunto coa OCV lanzou unha nova convocatoria de **proxectos de Aprendizaxe-Servizo** que deu como resultado a certificación de 31 proxectos. Isto supón un incremento significativo con respecto aos 22 proxectos do curso anterior. Tamén se publicou unha nova normativa de constitución e recoñecemento de grupos de innovación docente (GID), que persegue unha avaliación máis obxectiva e baseada en evidencias. Á convocatoria de 2022 presentáronse 73 GID, cun total de 594 integrantes rexistrados. Ademais, o CUFIE organizou en formato híbrido as VI Xornadas de Innovación Docente da UDC, en que se presentaron 54 vídeocomunicacións. A meirande parte delas foron recollidas nun novo número da colección dixital “Contextos Universitarios Transformadores”. Nestas xornadas tamén se outorgaron tres premios ás mellores experiencias docentes, grazas ao patrocinio de tres cátedras da UDC.

No curso académico 2022-23, na **Universidade Sénior** matriculáronse 841 persoas: 558 no campus da Coruña e 283 no de Ferrol. Cómpre destacar a súa ampla oferta formativa, que incluíu programas de grao e formación específica para egresados, e actividades complementarias a través de ciclos de conferencias, seminarios e obradoiros. Nos programas de Graduado Sénior na Coruña e Ferrol ofertáronse 19 e 18 materias respectivamente; nos de Formación Específica para Graduados/as na Coruña e Ferrol, 9 materias. A diversidade desta oferta permitiulle ao estudiantado acceder a un amplo abano de áreas de coñecemento para enriquecer a súa formación

e promover unha aprendizaxe integral. Ademais, a Universidade Sénior estendeu o seu compromiso co Proxecto de Democratización do Coñecemento e realizou xornadas formativas fóra dos seus campus universitarios en diversas comarcas. Durante o ano 2022, desenvolvéronse un total de 4 xornadas en que se impartiron 43 materias de diferentes temáticas. Desde o seu inicio en 2018, este proxecto alcanzou xa as 15 edicións e nel participaron aproximadamente unhas 500 persoas. A través desta iniciativa a UDC conseguiu levar a formación ao longo da vida á Costa da Morte, Betanzos, As Pontes, Ortigueira e Arteixo.

■ INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Durante o ano 2022 a Investigación e Transferencia na UDC seguiu marcada pola recuperación da pandemia da COVID19, condicionada pola acelerada transformación que están a sufrir as sociedades occidentais europeas no tránsito desde a pandemia cara á unha nova organización do espazo político e social.

Baixo as premisas de **garantir e fortalecer o sistema de I+D da Universidade da Coruña**, ao logo deste 2022 continuouse a traballar no proceso de **fortalecemento dos centros de investigación**. Neste sentido, aprobouse a **creación da rede de centros**. Esta acción enmárcase nunha estratexia de agrupación de capacidades e complementariedades buscando un ecosistema activo baseado no traballo en rede. Esta rede de centros ten como obxectivo a coordinación das accións necesarias que dean resposta á planificación estratéxica da UDC. Esta adaptación centrou moitas das actuacións da política de investigación da UDC **que reforzou os centros con infraestruturas conseguidas en convocatorias nacionais competitivas e con recursos humanos**, tanto de investigadores como de tecnólogos, que per-

mita o fortalecemento dos centros de cara ás futuras acreditacións e captación de recursos.

A captación de recursos externos para a investigación **durante o ano 2022 ascendeu a 17,3 millóns de euros**, moi similar ao conseguido no ano 2021, en que foi de 17.6 millóns. Desta captación de recursos é destacable a cifra de **15,9 millóns obtidos por proxectos competitivos** fronte aos 10.8 do ano anterior e que marca un fito histórico na UDC, cun total de **97 proxectos**.

Neste ano 22 tamén se asinaron **275 contratos con empresas**, cun importe total de **5,3 millóns de euros**, o que supón tamén un máximo histórico para a UDC. Estas cifras de crecemento en proxectos pódense ver representadas cando se analizan pola contribución propia dos nosos centros de investigación (CITIC, CICA, CITEEC e CITENI). Como se pode observar en todos se están a producir **aumentos en proxectos e proxectos competitivos**.

A estas axudas debemos engadir un total de **3,7 millóns conseguidos na convocatoria de consolidación de grupos de investigación da Xunta de Galicia**, que se repartiron en 9 grupos de referencia competitiva e 8 novos grupos de potencial crecemento, e resaltar 6 novos proxectos na modalidade de traxectoria excelente.

Con respecto á captación de talento, cabe destacar a cifra de **102 novos investigadores en convocatorias competitivas** que, aínda que tamén representa un máximo, hai que ter en conta a participación en novos programas como os **Investigo ou os Margarita Salas e María Zambrano**, o que non fai comparable os datos con anos anteriores. Neste apartado a brecha de xénero, aínda que se acurtou, segue sendo preocupante cun total de 56 homes fronte a 46 mulleres. A UDC tamén logrou incorporar **6 novos Ramón y Cajal**.

No que respecta ás publicacións científicas, a cifra no ano 2022 foi de **1047 artigos**, algo inferior ao ano 2021, aínda que cun **aumento do número de publicacións nos primeiros postos Q1**, un cambio que está sendo tamén similar noutras institucións, condicionado pola avaliación que se está a facer por convocatorias externas, onde se priman publicacións en determinadas revistas con alto índice de impacto.

Por outra banda, durante o 2022 púxose en marcha o **Centro Mixto de Investigación UDC-Navantia “As-teleiro 5.0”**. Este centro, promovido pola Axencia Galega de Innovación (GAIN) en convocatoria pública, sitúa a UDC como a única universidade galega en conseguir un Centro Mixto de Investigación. O obxectivo é darlle continuidade á relación existente coa empresa pública Navantia en temas de innovación, e estará centrado na investigación no Xemelgo Dixital.

■ ORZAMENTO

A UDC presenta un orzamento para o ano 2022 de **147,93 millóns de euros** (147 925 010,60€) o que supón un incremento nominal dun **7,98 %** con respecto ao ano 2021.

O incremento de gastos de persoal foi do 1,68 % (102,127 millóns de euros fronte a 103,84 millóns de euros) se ben non está incluído o incremento retributivo para o ano 2022. O gasto corrente, que supón un 12,62 %, incrementouse un 15,79 %, motivado polo incremento xeneralizado dos prezos, nomeadamente a inflación. As transferencias correntes ascenden a 4,67 millóns de euros, que representa un 3,16 %, e diminúe un 1,72 %. No apartado dos investimentos reais existe un incremento do gasto do 52,09 % e alcanza unha contía de **20 millóns de euros** —co efecto redondeo— o que representa un 13,52 %.

No que se refire aos ingresos, o capítulo III acada un valor de **17,013 millóns de euros**, o cal é moi similar ao do ano anterior, o que supón un incremento do 0,03 %. A principal fonte de financiamento de UDC son as **transferencias correntes**. Para o conxunto do capítulo IV —que representa un 69,87 %— hai un incremento con respecto ao ano 2021 dun 6,87 %, ao pasar de 96,71 a **103,35 millóns de euros**. As transferencias por capital experimentan un incremento dun 20,10 %, ao pasaren de 22,24 millóns de euros no ano 2021 a 26,71 millóns de euros no ano 2022. O activo financeiro diminúe un 25,02 %, mais non é significativo no conxunto, xa que só representa un 0,35 %. Igualmente, os ingresos patrimoniais teñen un peso do 0,22 % e diminúen un 2,94 %.

A liquidación do orzamento do exercicio 2021 aprobouse no Consello de Goberno en novembro de 2022. Fíxose a auditoría e posteriormente foi aprobada polo Consello Social. As principais conclusións da liquidación orzamentaria pódense concretar sinteticamente.

A execución total de 2021 acada o 84,77 % (83,43 % en 2020). A execución no capítulo VI de gastos (investimentos reais) foi no ano 2021 do 58,81 %. Os pagamentos realizados situáronse no 95,43 % e experimentaron un incremento con respecto ao ano 2020, en que a porcentaxe de pagamentos no exercicio foi dun 94,85 %. Isto segue a supor un **bo grao de cumprimento cos provedores**. A relación de dereitos recoñecidos netos e obrigas recoñecidas presenta un saldo negativo de 2,90 millóns de euros. A recadación neta continuou a mellorar pasando de 127,66 millóns de euros en 2020 a 131,15 millóns de euros en 2021. A análise por diferentes capítulos de **gasto e ingresos** pódese resumir do seguinte xeito.

No caso das **transferencias correntes**, a cifra foi superior ao previsto (97,53 millóns de euros fronte a 96,71 millóns de euros). No caso dos **ingresos patri-**

moniais non se puido alcanzar a previsión por mor da crise da covid-19. Moitos dos ingresos previstos por alugueiros de locais ou espazos ou canons non se puideron executar, ben pola condonación dos canons ou ben porque se cancelaron moitos actos ou eventos en recintos da Universidade (Reitoría, Paraninfo, salóns etc.) polos que se cobran tarifas de uso. En consecuencia, non se puido cumprir coa estimación de final do ano 2019. Por esta razón, a previsión inicial de 0,340 millóns soamente puido chegar a 0,136 millóns de euros. No que se refire ás **transferencias de capital**, esta contía incrementábase debido ao crédito incorporado procedente do exercicio anterior, así como dos proxectos de investigación autonómicos, nacionais ou europeos e convenios que van xurdindo durante o exercicio económico. Así, a cifra que finalmente se executou foi de **31,076 millóns de euros**.

No caso dos **gastos**, con respecto aos **gastos de persoal**, chegou aos 102,72 millóns de euros, mentres que o capítulo 2 acadou os 14,52 millóns de euros. Os **gastos financeiros** acadaron unha contía de 0,016 millóns de €, se ben este dato en termos absolutos non é significativo. O pasivo financeiro acadou os 0,52 millóns de euros, xa que no ano anterior se establecera unha moratoria por parte do Ministerio en que se permitía aboar cotas de amortización dos anticipos reintegrables na seguinte anualidade.

O actual contorno socioeconómico vén condicionado por dous factores como son a incerteza económica e a subida xeneralizada de prezos, nomeadamente a inflación. Ambas as dúas variables están a influír moi negativamente na evolución da taxa de crecemento do PIB e dos prezos, o que minora a recuperación económica. Esta situación está a provocar a aparición de problemas socioeconómicos e unha gran perda do poder adquisitivo. Este contorno estase a agravar pola inestabilidade xeopolítica e pola aparición dunha crise enerxética cunha gran dependencia do gas natural.

O **incremento en gasto corrente** no ano 2022 con respecto ao ano 2021, motivado por este contexto inflacionista e de subida xeneralizada de prezos, especialmente nas fontes de enerxía (gas, gasóleo, enerxía eléctrica), está a ser de 2,6 millóns de euros. As medidas de aforro intensificáronse principalmente nos meses de maior consumo e custo de enerxía, nomeadamente entre os meses de novembro e marzo.

Por estas razóns, a Universidade da Coruña aprobou en Consello de Goberno do 3 de novembro de 2022 desenvolver programas e **medidas de mellora da eficiencia enerxética** centradas no **aforro enerxético e de redución do impacto medioambiental**. A finalidade destes programas é a de acadar un maior aforro enerxético e de redución da pegada ecolóxica.

■ PROFESORADO

No ano 2022 **mantívose a tendencia nas políticas de acceso e promoción do persoal docente e investigador** da UDC, sempre condicionadas polo marco económico. Dunha parte, acadouse o obxectivo de garantir que **todo o profesorado interino de substitución que cubre docencia estrutural tivese a posibilidade de entrar na carreira académica** mediante a creación do número necesario de prazas de axudante doutor/a; polo que se acomete unha nova fase en que temos en conta non só as necesidades actuais de reposición senón as futuras, de acordo coas previsións de xubilación forzosa do noso cadro de persoal. E, doutra parte, **incrementouse o profesorado axudante doutor que acadou a súa funcionarización ou a súa estabilización antes dos últimos anos de contrato**, coa oferta de prazas de titular de universidade e de profesor/a contratado/a doutor/a.

A Oferta de Emprego Público (OEP 2022) do persoal docente e investigador da UDC chegou ás **82 pra-**

zas. Tras a negociación e o acordo cos órganos de representación do PDI, o Consello de Goberno, reunido o 24 de febreiro de 2022, destinou 18 prazas de profesor/a contratado/a doutor/a á estabilización do profesorado axudante doutor en situación de fin de contrato e 27 prazas á promoción a titular de universidade do profesorado contratado doutor, o que permitiu funcionarizar directamente máis profesores/as axudantes doutores/as acreditados/as e destinar novas prazas adicionais de profesorado contratado doutor á estabilización deste colectivo, sen agardar á finalización do seu contrato.

Engádense 12 prazas de profesor/a contratado/a doutor/a ao programa de retención e captación de talento, para permitir a futura estabilización dos/as investigadores/as captados mediante convocatorias de excelencia. Ademais, en aplicación do disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado, 8 prazas de profesor/a contratado/a doutor/a e 3 de titular de universidade (15 % do total) reserváronse para a incorporación de persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e obtivese o certificado I3.

Finalmente, inclúense 12 prazas de catedrático/a de universidade polo procedemento de promoción interna nesta OEP 2022.

Unificouse a convocatoria para establecer as áreas de coñecemento das prazas desta oferta, reguladas polos criterios negociados e acordados cos órganos de representación do PDI, en que se presentaron 28 candidatos/as con acreditación a titular de universidade e 12 candidaturas admitidas con acreditación de catedrático/a, caso en que a data de acreditación da última asignación chegou ata xullo de 2021. Funcionarizáronse 10 axudantes doutores/as e estabilizáronse como contratado/a doutor/a outros 20 profesores/as deste colectivo. Ademais, asignouse 1 praza de titular de universidade e 1 praza de contratado/a doutor/a para a estabilización de investigadores do

programa Ramón y Cajal en fin de contrato e, finalmente, outra praza para a estabilización de profesorado afectado pola transitoria 3ª dos Estatutos.

Novamente, os aspectos económicos relativos ao mantemento da masa salarial constitúen a principal dificultade da nosa política de profesorado e, como xa se indicara no ano anterior, non mudaron coa aprobación do novo Plano de financiamento das universidades do SUG. O incremento anual de trienios e quinquenios derivados do crecemento vexetativo do cadro de persoal, de complementos autonómicos e de sexenios de investigación, supón que nos situemos no límite dos custos de persoal que fixan as leis de orzamentos para a UDC. Os recursos para financiar os importes correspondentes a estes conceptos, así como as contías das prazas para manter as figuras recollidas no II Convenio colectivo laboral con compromiso de estabilización e das prazas para facer fronte a necesidades urxentes e inaprazables, son moi limitados e proceden basicamente de xubilacións.

Estas limitacións condicionan a contratación de novo persoal, co conseguinte escenario de falta de renovación e inestabilidade para os proxectos docentes, de investigación ou de transferencia á sociedade dos seus resultados, que tanto preocupan ao conxunto da comunidade universitaria.

Os esforzos dos órganos de goberno da UDC centráronse en minimizar os efectos neste contexto restritivo e en manter estable o número de efectivos, polo que se priorizou a estabilización do profesorado e investigadores que se estiveron formando con éxito na nosa universidade e maximizando as posibilidades de promoción. Os datos referidos ao pdi por tramos de idade e sexo correspóndense coa media das universidades públicas, de acordo co informe do Ministerio de Universidades "Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, publicación 2022-2023". Desde a perspectiva de xénero pódese observar que

a presenza masculina concéntrase especialmente nos maiores de 55 anos, reducíndose para outros tramos de idade, evidenciando a tendencia cara a igualdade.

Ademais dos acordos acadados para a aprobación e execución da oferta pública de emprego, destacan as seguintes medidas:

- O número de **convocatorias públicas de PDI permanente** realizadas no ano 2022, incluíndo prazas da OEP 2022 e anteriores, ascende a **61 prazas**: 18 de profesor/a contratado/a doutor/a, 30 de titular de universidade e 13 de catedrático/a de universidade.
- Coa publicación da Lei 20/2021, do 28 de decembro, tendente á redución da temporalidade no emprego público, a UDC priorizou a necesidade de *garantir que todo o profesorado contratado interino de substitución que sexa estrutural e que conte cunha acreditación poida optar a unha praza de axudante doutor*. En 2022 incrementáronse a **42 as prazas asignadas no programa de axudantías**, en dúas convocatorias, e decidiuse unha convocatoria extraordinaria en xaneiro de 2023 dirixida ao profesorado temporal que poida ser estrutural en 2024, en que se engadiría por primeira vez unha reserva de prazas para persoas con discapacidade.
- En 2022 convocáronse **108 concursos** de profesor/a asociado/a ou contratado/a interino/a de substitución sobre a base das instrucións da Secretaría Xeral de Universidades para a provisión temporal de postos de PDI para cubrir necesidades docentes urxentes.
- O seguimento do cadro de persoal de PDI incorporou o procedemento para a aprobación da *RPT do PDI da UDC o 31 de decembro de 2021*, e preparou a súa actualización para o 31 de decembro de 2022, e recuperou unha ferramenta para ordenar as políticas de estabilización e promoción do profesorado.

■ INTERNACIONALIZACIÓN

No que concirne aos programas de mobilidade internacional de estudos e persoal a través do programa **Erasmus 2021-2027**, continúa a prestar a oportunidade de se abrir a todos os países do mundo a través da denominada **“dimensión internacional”**, especialmente para aquelas rexións que non entran na acción 131 ou na acción 171 do dito programa. Con respecto a esta última, relativa á mobilidade con países asociados de fóra da UE, na solicitude de 2022 aumentamos os países participantes e afiánzase a zona xeográfica dos Balcáns Occidentais e os países de veciñanza do leste como **Ucráína**. A través deste financiamento **puidemos acoller, en colaboración coa OCV, estudantado e profesorado tras o inicio da guerra**. Como novidade, coa intención de ampliar as áreas xeográficas solicitamos fondos para África Subsahariana, en concreto Cabo Verde.

Do programa **SICUE** de mobilidade entre universidades españolas beneficiáronse un total de **72 estudantes entrantes e 91 saíntes**. Séguense a asinar, renovar e aumentar o número de áreas nos convenios existentes con todas as universidades públicas e algunhas privadas.

A **captación de fondos e a presenza da UDC en alianzas estratéxicas internacionais** segue medrando a través da participación en proxectos do programa **Erasmus+**, tanto como institución coordinadora como participante. A colaboración iniciada neste sentido cos campus de especialización e en concreto co Campus Industrial de Ferrol (CIF), facilita o progresivo aumento de solicitudes, que alcanzou xa os **21 proxectos** en 2022. Neste ano rematou tamén o POPTec-Interreg UNISF coa implantación do Máster en Desafíos das Cidades e os programas de doutoramento en Matemáticas e Aplicacións e Ciencias Sociais e Envellecemento, titulacións conxuntas entre as tres universidades galegas, a Univ. de Porto,

a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro e a Universidade do Minho.

Como novidade salientable neste eido, a UDC asinou en 2022 **un convenio de participación na alianza de universidades EMERGE** xunto con 8 universidades de Irlanda, Francia, Alemaña, Grecia, Chipre, Eslovaquia e Noruega. A Alianza EMERGE solicitou financiamento dentro do programa **Universidades Europeas**.

En canto ao alumnado estranxeiro matriculado na UDC, seguimos aumentando a un ritmo do **5 %** do total da matrícula no ano 2022. Por país de orixe, destacan en número os estudantes procedentes de **Perú, Marrocos, Portugal e Venezuela**. Os centros que recibiron máis alumnado internacional regular son a EPEF (89), a Facultade de Socioloxía (78), a Facultade de Economía e Empresa (78) e a Facultade de Ciencias (72).

No referente ás medidas de internacionalización que adopta a UDC, cómpre salientar **a evolución do profesorado con docencia en inglés** que segue a medrar, cun incremento do 10 % respecto ao curso previo, tendencia que se vén repetindo nos último anos. De xeito similar, os créditos impartidos en inglés superan nun 11 % aos do curso anterior. Todo isto indica que esta oferta crece a bo ritmo e nos consolidamos, non só como primeira universidade do SUG en oferta en lingua estranxeira, senón tamén como unha das universidades con maior docencia en inglés a nivel estatal.

Dentro das actividades de promoción internacional destacan a asistencia a eventos de *networking* variados (universidades de Taiwán), sesións de cooperación transnacional organizadas pola EU e feiras do sector European Association for International Education (EAIE) en que se fomenta a colaboración con outras universidades e se visibilizan os fitos conse-

guidos pola UDC. No ano 2022 destaca a visita a Panamá, auspiciada polo Ministerio de Exteriores deste país e que está a dar como froito un intenso traballo conxunto, nomeadamente nas áreas de Enxeñaría Naval, Náutica e Enxeñaría de Camións.

A promoción e visibilización da UDC complétase coa organización anual da **Staff Week** que atrae persoal non só para a aprendizaxe da lingua española e a cultura galega senón tamén a demostración das capacidades da universidade. Algo similar sucede coa **International Summer School**, unha ventá aberta da UDC cara ao mundo, que incrementa o número de estudantes e profesores participantes anualmente.

A promoción internacional é un dos eixes fundamentais da convocatoria das Axudas á Internacionalización que contribúe a potenciar o establecemento de titulacións duplas ou conxuntas, a participación en proxectos europeos, a organización de escolas de verán, a colaboración estable para programas de docencia en inglés e a acción estrela, as axudas para docencia en América Central e do Sur como área estratéxica.

No campo da **internacionalización na casa**, en 2022 destaca a participación en iniciativas COIL (*Collaborative Online International Learning*), programas de aprendizaxe colaborativa en liña. Ademais neste campo seguen a se publicar as convocatorias de profesorado visitante de fala inglesa e as convocatorias de competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros impartidos polo Centro de Linguas. Incrementouse, así mesmo, a oferta de cursos para fins específicos en inglés, así como o número de linguas ofertadas (cursos de chino e ucráino). Están á alza os cursos de español para estranxeiros que impulsan a visibilización da UDC. O Centro de Linguas tamén contribuíu á formación de PAS en habilidades lingüísticas en inglés a través da impartición de cursos de uso da linguaxe propia dos seus postos de traballo.

■ INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE

A UDC continuou no ano 2022 coa súa aposta de futuro pola sustentabilidade e levou a cabo importantes e destacables **accións relacionadas co aforro e a eficiencia enerxética**.

Nesta esencial liña de traballo, este ano obtivéronse doce subvencións do Instituto da Enerxía de Galicia (INEGA) con fondos MRR (Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia) 2021-2024, dentro da iniciativa europea Next Generation, en relación con doce instalacións fotovoltaicas para outros tantos centros universitarios. A este respecto, no pasado exercicio realizáronse os proxectos técnicos destas iniciativas, que serán executados no ano 2023.

As novas instalacións achegarán datos á plataforma informática propia da UDC, xa creada, para a información, xestión e control de datos enerxéticos e ambientais. Esta plataforma segue a crecer, ao incorporar datos procedentes dos diferentes centros da nosa universidade, vinculados ao consumo de electricidade, gas, auga e xeración térmica. Recóllense tamén datos referentes á ocupación de espazos, temperatura, humidade, calidade do aire e concentración de radon.

Para avanzar na materialización destes proxectos, xa se acondicionaron case todas as cubertas que portarán estas instalacións para mellorar así as súas envolventes térmicas. Os edificios sobre os que se traballou foron as Facultades de Socioloxía e de Ciencias da Comunicación, a Facultade de Informática, a Facultade de Dereito, a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica e o edificio de Departamentos da Escola Técnica Superior de Arquitectura.

Por outra banda, en 2022 creáronse **novos espazos para a docencia e a investigación** coa execución de dúas obras relevantes: a **rehabilitación da antiga residencia de Batallóns** e a **ampliación do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)**.

Coa rehabilitación do Edificio de Batallóns incorpóranse ao campus de Esteiro en Ferrol un aula de mestrado e despachos para grupos de investigación. Co acondicionamento do semisoto do CICA, antes dedicado a almacén, créase un animalario para a produción e o mantemento de ratos, ratas e peixes, cun laboratorio, zona de lavabo, vestiario con aseo e duchas e tres zonas de traballo. É unha ferramenta imprescindible en moitos proxectos de investigación en biomedicina e resulta un instrumento docente de grande utilidade.

— Avances na Cidade das TIC

En canto ao proxecto estratéxico da **Cidade das TIC**, no ano 2022 comezaron as obras do Centro de Servizos Avanzados (CSA), o primeiro edificio do complexo, que finalizarán este ano. Tamén se presentou o proxecto de mellora de accesos e dotación de subministracións básicas para a súa posta en funcionamento inicial, financiado con fondos procedentes dun convenio co Concello da Coruña. Ademais, continuouse a necesaria tramitación urbanística do complexo coa presentación do Estudo de Detalle e iniciáronse, paralelamente, as tramitacións coa Deputación da Coruña para a realización doutro gran proxecto de futuro: un edificio de nova planta que se converterá nun estudio virtual con tecnoloxía emergente e punteira en produción audiovisual.

— Medio ambiente

A **Oficina de Medio Ambiente (OMA)**, dependente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade, continúa as súas actividades con moito éxito, mellorando ano a ano a participación no curso “Campus, Casa e Cidade: Laboratorios do Cambio”, dentro do proxecto “Educando para a Sustentabilidade”, entre outros.

Tamén continuou o programa **Green Campus**, en que participan xa case todos os centros docentes da

UDC; ademais, vanse incorporar ao programa os centros de investigación. Este ano 2022 foron avaliados positivamente 10 centros, galardoados coa Bandeira Verde.

Por outra parte, mantivéronse as actividades relacionadas coa protección da biodiversidade (coa xestión do monte da Fraga), a caracterización de residuos e o mantemento dos puntos de compostaxe, as campañas de aforro de auga, enerxía e papel, o uso da bicicleta, a xestión das hortas urbanas comunitarias de Elviña etcétera.

No eido da **movilidade sustentable** en 2022 incorporáronse ao programa de préstamo 20 bicicletas eléctricas, con financiamento dunha subvención dentro do programa de incentivos a mobilidade eficiente e sustentable (programa MOVES II) do INEGA.

Tamén tiveron continuación outras actividades como a IV edición do Premio UDC Sustentabilidade para TFG e TFM, ao que cada ano se presenta máis alumnado.

Todo o traballo realizado estase vendo reflectido nos resultados obtidos pola UDC no **Ranking GreenMetric**: na publicación do 12 de decembro de 2022 ocupamos a quinta posición entre as 29 universidades españolas avaliadas. No ámbito internacional, a nosa universidade atópase na posición 90ª das 1050 universidades estudadas, o que a sitúa no 9 % das universidades líderes no mundo e a primeira do Sistema Universitario Galego.

■ ALUMNADO

A Vicerreitoría de Estudantes, co apoio das distintas vicerreitorías, mantivo ao longo do ano 2022 unha interlocución aberta e permanente co estudiantado da UDC a través dos seus representantes, e co conxunto

do alumnado para coñecer de primeira man as circunstancias que lles estaban afectando.

Dende esta vicerreitoría publicáronse **14 convocatorias de bolsas, axudas e premios para o estudiantado**, poñendo especial atención nas financiadas con fondos propios da UDC para que ninguén quede fóra da Universidade por problemas económicos. Investíronse máis de 2 500 000 € en **convocatorias propias**: prazas de aloxamento nas residencias universitarias da Coruña e Ferrol, axudas ao transporte urbano e metropolitano (bono-bus), bolsas comedor, axudas para o alumnado en situación de dificultades económicas, Premios Excelencia UDC á mellor nota de admisión nos graos, axudas para os gañadores de Olimpíadas Científicas, bolsas Santander Progreso, bolsas de colaboración en departamentos e formación complementaria e bolsas para estudos de mestrados universitarios oficiais. Ademais, provocada pola COVID-19 estableceuse unha liña de axuda dirixida a estudantes con problemas de conectividade que se segue mantendo pola súa boa acollida. No curso 2021-22 o total de alumnado beneficiado foi de 81 estudantes, e na convocatoria 2022-23 ata decembro de 2022 foi de 14.

Hai que salientar que en setembro de 2022 se asinou un convenio co Concello da Coruña para ofrecer unha **tarifa plana universal no bus urbano** para o alumnado dos campus de Coruña, para o que se estableceu na tarxeta Millenium o perfil de estudante universitario.

Coa finalidade de dar a coñecer a oferta formativa, os recursos e as posibilidades para o desenvolvemento dunha vida universitaria rica en experiencias, a Vicerreitoría de Estudantes desenvolveu unhas **Xornadas de Portas Abertas Virtuais** o 30 e 31 de marzo de 2022. O obxectivo era que o alumnado de bacharelato e de ciclos formativos de grao superior, profesionais orientadores e profesorado de institutos, pais e nais e todas as persoas interesadas puidesen coñecer

os títulos da UDC, e conversar en directo co profesorado. Ademais, a Universidade informou tamén das opcións de aloxamento nas residencias universitarias públicas da Coruña e Ferrol, así como diversos servizos de interese para o alumnado, como a Unidade de Atención á Diversidade, a Oficina de Relacións Internacionais, a Oficina de Cooperación e Voluntariado, a Oficina de Medio Ambiente, o programa Espazo Compartido ou os cursos do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa, así como outros servizos da UDC de interese para a súa formación. A importante acollida púxose de manifesto a través das visitas e sesións con *chats* en directo a través da páxina web e as visualizacións de vídeos da UDC que rexistraron preto de 12000 visitas. Debido ao interese suscitado, a UDC mantén activa a páxina web das Xornadas e a divulgación dos seus vídeos.

Ademais, ofrecéronse máis de cen **actividades de divulgación científica para o alumnado de secundaria, bacharelato e formación profesional**. Por petición dos centros, no curso 2021/22 un total de 72 docentes impartiron 124 charlas e obradoiros en liña ou presenciais. Completamos as actividades de difusión cunha xuntanza híbrida cos orientadores escolares de Galicia, Asturias e León para dar a coñecer a oferta académica e as actividades de divulgación da UDC e toda a información sobre a ABAU. Preto de 300 orientadores inscribíronse a esta xornada que se realizou na Escola de Camiños, Canais e Portos, con visita posterior ao CITEEC. É de destacar que na páxina web de Futuros Estudiantes se creou un apartado específico para os orientadores escolares en que proporcionamos información das nosas actividades de divulgación e potenciamos as visitas ás nosas facultades e escolas, aos centros de investigación e institutos universitarios.

Coa intención de lle dar a **benvinda ao noso estudantado** e dar coñecer a oferta de actividades do curso académico 2022/23, celebramos en setembro de 2022 unhas xornadas presenciais no Estadio Uni-

versitario de Elviña (no campus de Elviña) e na Praza de Humanidades (no campus de Esteiro) o xoves 15 de setembro. Nesta xornada festiva a participación do estudantado foi de cerca de 3 400 persoas na Coruña e ao redor de 800 en Ferrol que gozaron de actividades deportivas, culturais e medioambientais. Contamos con 51 postos informativos de diferentes servizos e unidades da UDC.

No impulso á participación do estudantado outro fito destacado de 2022 foi a selección, por primeira vez, da Universidade da Coruña para participar no programa **EU Careers Ambassadors (22-23)**. Cada ano, un número limitado de universidades de cada país da Unión Europea pode entrar no programa; no caso de España trátase dun máximo de cinco. Con este programa, a Oficina Europea de Selección de Persoal (EPSO) busca que estudantes das universidades europeas seleccionadas asuman durante un ano académico as funcións de representantes da Oficina nos seus lugares de formación. Tras a publicación dunha convocatoria para o estudantado da UDC, Alfonso Martínez González, alumno do grao en Dereito resultou elixido e comezou o seu labor en outubro de 2022 que rematará en setembro de 2023.

A UDC segue a colaborar coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social no programa **“Correspondentes Universitarios”**. O obxectivo deste programa é difundir os diferentes programas, accións e iniciativas que a Xunta de Galicia ofrece aos mozos e mozas galegas, así como outra información de interese, entre o alumnado das tres universidades galegas. Os estudantes, como correspondentes universitarios, son os encargados de transmitir esta información, un feito que favorece a súa participación activa tanto na elaboración como na difusión da información entre iguais.

É de destacar que a alumna da Escola Universitaria de Deseño Industrial, María Bañón Goiriz, recibiu o **Premio Hélice ANECA á Calidade Académica** na

categoría de estudantado. Os premios Hélice ANECA representan un recoñecemento ás universidades e outras institucións de educación superior españolas en que a súa comunidade destaque nos compromisos académicos ao servizo dos intereses xerais e da cidadanía, sempre en consonancia cos principios e valores de calidade polos que vela a Axencia.

■ EMPREGABILIDADE

En relación co emprego e a empregabilidade, en 2022 leváronse a cabo diferentes accións destinadas ao desenvolvemento de competencias para a mellora da empregabilidade do noso estudantado. Así, levouse a cabo unha nova edición do **“Programa de Mellora da Empregabilidade nos Centros da UDC (PMEC)”**, conformado por tres módulos dedicados ao autoemprego, á procura de emprego por conta allea e á presentación de experiencias reais de inserción laboral. O programa desenvolveuse tanto de xeito presencial como virtual, a demanda das diferentes facultades e escolas, excepto o módulo III que é común para todas elas.

Continuando coa parte de formación, tamén se impartiron dous cursos en formato virtual en colaboración co CUFIE. O curso **“Emprendemento e Autoemprego”** revisa os contidos relacionados coa figura do emprendedor, o plan de negocio e a proposta de valor, a constitución dunha empresa e as vías de financiamento. En relación ao curso **“Mellora da Empregabilidade”**, este céntrase na análise das competencias profesionais persoais, os procesos de selección das empresas e a procura de emprego.

Igualmente, a **Unidade de Emprego** impartiu diferentes relatorios e seminarios por petición dos centros, e acudiu por exemplo, a xornadas de orientación profesional e feiras de emprego, e colaborou co Plan de acción titorial da Facultade de Economía e Empresa.

En outubro de 2022 organizouse por quinto ano consecutivo o **“Foro Avanza”**, un punto de encontro entre o estudantado e os axentes do mercado laboral. Ao longo de dous días tiveron lugar relatorios, obradoiros e mesas redondas co fin de mellorar a empregabilidade do alumnado. No último día celebrouse unha **Feira de Emprego presencial** en que contamos coa participación de empresas de todos os ámbitos de coñecemento. Ademais do contacto directo nos mostradores informativos, varias destas entidades levaron a cabo presentacións corporativas e/ou procesos de selección de ofertas publicadas con antelación ao evento.

A UDC sumouse en 2022 a un novo proxecto, o **Programa Campus Rural de prácticas universitarias no medio rural**, froito da colaboración entre o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), o Ministerio de Universidades, e as universidades públicas españolas. O principal obxectivo desta iniciativa é incentivar a chegada de capital humano aos espazos máis despoboados e tratar así de dinamizar o seu tecido produtivo, social e institucional. O programa tivo moi boa acollida entre o estudantado e adxudicouse o número máximo de bolsas, un total de doce.

Na liña de lles ofrecer oportunidades de participación aos/as nosos/as estudantes en iniciativas vinculadas ao emprendemento, por sétimo ano consecutivo, a UDC participou no programa **“Explorer”**, auspiciado por Santander Universidades. Este programa ten por obxecto impulsar o talento novo e a xeración de proxectos innovadores nun contorno dixital, aberto e colaborativo. Igual que no ano anterior, o programa desenvolveuse en dúas sedes (Ferrol e Coruña) e de xeito híbrido entre os meses de xaneiro e maio, baixo a coordinación da Unidade de Emprego. Ao mesmo tempo, e co fin de promover a cultura emprendedora entre o estudantado, con base nun convenio asinado coa Fundación Junior Achievement, a UDC comezou a súa colaboración na iniciativa de emprendemento

“Startup Programme”, a cal ten como finalidade apoiar os estudantes nas súas capacidades emprendedoras.

Tamén no eido do emprendemento convén subliñar que continuamos colaborando co Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) para o fomento daquel a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito da UDC.

Igualmente, a UDC participa, cada vez en maior medida, en concursos de estratexia e competicións de resolución de retos, que enriquecen a formación do estudantado ao poder desenvolver as súas capacidades e habilidades de análise e resolución de problemas, de toma de decisións e de xestión. Estas accións adóitanse facer en colaboración con grandes empresas nacionais e internacionais. Cómpre destacar os bos resultados do estudantado da UDC en programas desta índole, como o **Global Management Challenge** ou **Hunger4Innovation** (unha novidade do ano 2022), entre outros.

Cómpre subliñar tamén a continuidade da colaboración da UDC no programa **“Xuventude Mentoring”**, que comezou co nacemento deste programa en 2021. Trátase dunha iniciativa integral de formación en *mentoring* destinada a persoas tituladas e inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil na Comunidade Autónoma de Galicia, e está promovido pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e o CIXUG, en colaboración coas tres universidades galegas, e cofinanciado polo Fondo Social Europeo, Programa Operativo de Emprego Xuvenil. A segunda edición tivo lugar entre setembro e novembro de 2022.

Desde a Vicerreitoría procuramos fortalecer a ligazón coa nosa contorna a través de accións como a xa mencionada Feira de Emprego, o establecemento de conversas e a sinatura de acordos con entidades

para a colaboración na mellora da empregabilidade ou a asistencia a eventos en que interactuamos coas entidades. Como exemplos destacados destas accións podemos sinala dous, por unha banda, a colaboración coa Consellería de Emprego e Igualdade (Dirección Xeral de Formación e Colocación) no desenvolvemento dun proxecto de xeración de coñecemento sobre as necesidades de formación no mercado laboral, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia. O proxecto esténdese por dous anos, 2022 e 2023, e na súa realización implicáranse diferentes unidades e axentes da UDC. Por outra banda, a nosa universidade participou en calidade de entidade de apoio ao emprendemento no **“I Encontro de Emprendemento”** do Concello da Coruña, o día 1 de outubro de 2022. Neste encontro participaron tanto entidades promotoras do emprendemento como proxectos emprendedores que fosen asesorados e apoiados polas ditas entidades. De xeito destacado, **o proxecto BIMA**, nacido na UDC, resultou gañador do premio do Encontro.

Como paso necesario para reforzar a ligazón coa contorna, esta vicerreitoría precisa fortalecer a comunicación cos propios axentes da Universidade. Así, ao longo de 2022 realizouse unha visita presencial aos diferentes centros, tanto para expor o que se está a facer na área de estudantado e de empregabilidade, como para escoitar as necesidades de cada un deles. O intercambio de ideas resultou moi produtivo de cara a levar a cabo accións tanto a curto como a longo prazo.

■ PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

No ano 2022 realizáronse dúas **ofertas de emprego público** do PAS da UDC:

- A publicada no DOG do 30-05-2022, como consecuencia do **necesario proceso de estabilización**

establecido na Lei 20/2021 de redución da temporalidade no emprego público, en que se ofertou un total de **9 prazas** que se convocaron no DOG 23-12-2022, polo sistema de concurso,

- E a publicada no DOG do 09-01-2023, en que figuran un total de **17 prazas** polo sistema de acceso libre e **41** polo sistema de promoción interna.

No DOG do día 25 de agosto publicouse a resolución definitiva do **concurso de traslados** do persoal funcionario de administración e servizos. No texto inicial da propia resolución sinalouse como data de cesamento o 18-09-2022 e a seguir o inicio dos prazos posesorios.

O 22-09-2022 rematou o innovador **Programa de Mentoring**, deseñado e realizado pola xefatura de Servizo de PAS. Este programa supón un avance máis para que o persoal que accede a un posto de traballo adquira no prazo máis breve posible os coñecementos que lle permitan desempeñar as súas novas tarefas.

Entre os meses de outubro e decembro de 2022 publicáronse no DOG os nomeamentos do persoal de novo ingreso dun total de **90 prazas** correspondentes ás distintas escalas xerais ou técnicas do PAS da UDC e consecuencia do desenvolvemento dos **procesos selectivos** das ofertas públicas de emprego (OPE) dos anos 2016, 2017, 2018, estabilización e 2019.

Tamén nos meses de xuño, outubro e novembro de 2022 se resolveron os procesos selectivos de **promoción interna** dun total de **47** prazas.

Os procesos selectivos sinalados realizáronse grazas ao excelente labor realizado polos tribunais de selección da UDC.

O impacto desas mudanzas na condición e destino do persoal na organización (a gran maioría dos postos da RPT) xestionouse co fundamental esforzo e a

profesionalidade que amosou o persoal da UDC neste período.

O día 7 de novembro asinouose o **Acordo** coa Xunta de Persoal de Administración e Servizos sobre *modificación das condicións de traballo do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña e do acordo de prestación de servizos na modalidade de teletraballo*.

Este acordo adaptou a xornada e o seu cumprimento á Resolución reitoral (aprobada polo Consello de Goberno do 03-11-2022) relativa ás medidas de aforro enerxético e redución do impacto medioambiental de aplicación do artigo 30 do Real decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto.

■ IGUALDADE

A **Oficina para a Igualdade de Xénero** continuou co programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non-discriminación para **o alumnado**. En colaboración co CUFIE, ofertáronse **8 cursos** con diferentes temáticas. Cinco dos cursos foron ofertados exclusivamente para o alumnado dos distintos graos de Ciencias da Educación e Ciencias do Deporte, así como para o alumnado do Mestrado Universitario en Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas, coa intención de reforzar a formación en igualdade do futuro profesorado. Aínda que a meirande parte dos cursos foron con docencia presencial, houbo algúns nos que se optou por modalidades de docencia mixta ou 100 % virtual.

Dada a problemática que existe nos cursos optativos de formación en igualdade e prevención da violencia machista, onde se matriculan fundamentalmente mulleres, este curso realizáronse unha serie de píulas informativas de 1-2 horas para a sensibilización

do alumnado dentro das aulas en horario de clase. Púxose especial atención na formación do alumnado en graos moi masculinizados, co fin de chegar a máis porcentaxe de mozos, e tamén nos cursos do grao en Comunicación Audiovisual.

No caso do **profesorado** ofrecéronse **3 cursos** con diferentes temáticas. Na súa programación incidiuse na formación enfocada á incorporación da perspectiva de xénero nas guías docentes das materias dos diferentes graos, na formación para a atención ás vítimas de acoso sexista e á formación no ámbito do tratamento da información nos medios sobre as violencias machistas. Así mesmo, un curso orientado a introdución da perspectiva de xénero na investigación, no que tamén podía participar alumnado de doutoramento.

Co obxectivo de fomentar a inclusión da perspectiva de xénero nas materias das distintas titulacións que se imparten na Universidade da Coruña, este ano completouse a **colección de guías en galego para unha docencia con perspectiva de xénero** con seis guías novas, traducindo e maquetando as guías xa editadas pola Xarxa Vives Universitat, sobre as especialidades de Arquitectura, Antropoloxía, Comunicación, Enxeñaría Industrial, Enfermaría e Matemáticas. Esta actividade foi realizada en conxunto coas oficinas das tres universidades do SUG para acadar unha maior difusión e están a disposición da comunidade universitaria na páxina web da Oficina para a Igualdade de Xénero.

A Oficina para a Igualdade de Xénero organizou a **I Xornada sobre Submisión Química**, que se desenvolveu o 31 de marzo do 2022 en formato en liña, como un foro no que reunir persoas expertas en diferentes temas relacionados con este tipo de violencias sexuais. Pode consultarse en: udctv.

Respecto ás **actividades de difusión**, aproveitouse a xornada de benvida dirixida ao novo estudando para dar a coñecer a Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), así como para informar sobre os distintos ti-

pos de acoso e a existencia dun **protocolo contra o acoso** da nosa universidade. Colocáronse dous puntos informativos, un por campus. Atendéronse a mais de 800 persoas (550 no campus da Coruña e 250 no campus de Ferrol) durante esta xornada.

A Oficina xestionou diferentes consultas relacionadas con situacións sexistas e/ou machistas e o protocolo de acoso, e ofreceu asesoramento tanto a centros como a persoas. Así mesmo, está a traballar nun novo protocolo axustado á nova lei de convivencia universitaria. Como parte dese traballo de acompañamento para á actualización do protocolo de actuación da UDC ante situacións de violencia de xénero, violencias sexuais ou acoso e discriminación por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero e poder elaborar un procedemento de atención ás violencias relacionadas co xénero adaptado á realidade actual da UDC, que atenda á súa diversidade e á complexidade da comunidade universitaria, realizáronse unha serie de **encontros participativos** coa comunidade universitaria, un co PAS, outro co PDI e dous co alumnado. O obxectivo fundamental destes encontros foi coñecer a percepción das violencias machistas no ámbito da UDC por parte da comunidade universitaria, recoller propostas no ámbito da sensibilización, prevención e actuación ante os casos de violencia de xénero e outras violencias machistas no contexto universitario e, tamén, recadar información respecto das necesidades da comunidade universitaria, en relación coa violencia de xénero e outras violencias machistas. Por último, aproveitouse para dar a coñecer a revisión do devandito protocolo e facer partícipe del á comunidade universitaria.

Ademais, desenvolvéronse diferentes charlas nos distintos campus e convocouse unha nova edición do concurso para premiar os mellores proxectos fin de grao ou fin de máster con perspectiva de xénero. Na décima edición dos **Premios Ángeles Alvariño** foron premiados dez traballos que destacaron pola súa ca-

lidade e orixinalidade, ademais da acertada metodoloxía que se usou para incluír os aspectos de xénero en temáticas moi diferentes.

Dentro do plan de comunicación do protocolo da UDC, fíxose un **concurso de creacións artísticas** para promovelos entre a comunidade universitaria. Este ano foi elixido un cartel que foi distribuído en todos os centros universitarios. En segundo lugar foi premiado un podcast, ao que se lle deu publicidade nas redes sociais e na páxina web da OIX. A entrega de premios realizouse no acto organizado polo 25 de novembro, onde as persoas premiadas salientaron os aspectos máis destacables dos seus proxectos.

Publicouse o terceiro número do noso **xornal DESLÍ-GATE**. Coma en anos anteriores, trátase dunha campaña onde se simula un xornal deportivo, coa finalidade de mostrar novas sobre a muller no deporte tanto no que respecta aos logros deportivos, moitas veces invisibilizados, como no tocante ás situacións de violencia sexual e acoso que sofren neste ámbito.

Pola súa banda, o CEXEF fixo diferentes actividades grazas a un convenio co Concello da Coruña.

■ CULTURA

O 2022 supuxo en boa medida o retorno á normalidade na programación cultural. Esta nova situación permitiu, por vez primeira desde 2020, a eliminación das restricións de límites de asistencia, o que sen dúbida facilitou tanto a programación como a participación do público en xeral. Foi un ano marcado pola abundancia de visitas nas exposicións acollidas en Normal, o éxito das actividades a elas asociadas, así como polo regreso do **Festival de Teatro Universitario da Coruña (FITEUC)** que se desenvolveu no auditorio do Centro Ágora (A Coruña) os días 20 e 21 de abril, con grande afluencia de público.

Respecto aos **obradoiros** volveuse completamente á presencialidade e estes contaron cunha ampla matrícula tanto por parte da comunidade universitaria como da cidadanía en xeral. A súa avaliación resultou tamén moi positiva. Houbo dúas convocatorias de obradoiros tanto no campus de Ferrol (Centro Cultural Universitario) como no da Coruña (NORMAL. Espazo de Intervención Cultural).

Recuperouse a actividade das **aulas de Teatro e de Danza** en ambos os campus, o que implica a produción de pezas teatrais e de danza. Entre marzo e maio, e con carácter mensual, o **Club de Lectura** de NORMAL desenvolveu a súa actividade guiado pola poeta Estíbaliz Espinosa centrado en lecturas relacionadas coa natureza e ciencias como a astronomía.

Dando continuidade ao acordo asinado coa Fundación María José Jove no ano 2021, en 2022 convocouse a **II Edición do Programa de Residencias Artísticas NORMAL-FMJJ** mais nesta ocasión, e dado o bo resultado do ano previo, convocáronse dúas residencias en lugar dunha única. O obxectivo destas residencias, abertas a persoas de calquera nacionalidade ou procedencia xeográfica vinculadas ás artes visuais, é afondar nas relacións entre creación artística, pensamento crítico e participación social. Houbo máis dun cento de solicitudes procedentes de todo o mundo. As persoas que acadaron a residencia foron: Fuentesal Arenillas, co proxecto "Terrazo", e Berio Molina, co proxecto "dix[x]alfa"

En NORMAL contouse con dúas **exposicións**. A primeira delas **"Cabria para NORMAL"**, de Diego Vites, e comisariada por Ángel Calvo desenvolveuse entre o 11 de marzo e o 10 de xuño. En paralelo á mostra desenvóléronse actividades en diferentes formatos: recreación de pezas musicais, intervencións de danza e movemento, visitas guiadas, charlas, publicacións de fotomontaxes coa que se agasallou as persoas asistentes á clausura. Esta exposición tivo unha ampla repercusión e difundíuse a través do programa ZigZag da

TVG da man da crítica de arte Ania González. A segunda foi a exposición sobre **“A Galicia deseñada. Símbolos, marcas e identidades gráficas”**, comisariada por Cibrán Rico, Suso Vázquez e Marcos Dopico, desenvolveuse do 14 de outubro ao 13 xaneiro de 2023 e acadou un récord de visitas e de visitas guiadas (os comisarios realizaron un total de 24 visitas para diversos colectivos, entre eles todas as escolas de artes de Galicia). “A Galicia deseñada” supuxo un relato sobre a cultura e a historia do deseño galego, unha oportunidade para a celebración do deseño como ferramenta ao servizo da sociedade. Como actividades complementarias houbo varias charlas e coloquios arredor das temáticas abordadas na mostra. Tivo tamén repercusión mediática no ZigZag Diario.

O **Coro Universitario** retomou a súa actividade e tamén se celebraron, con diversos espectáculos musicais, literarios e de artes escénicas, o Día Internacional da Danza, o Mes das Letras e o 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. En Ferrol convocáronse varios roteiros culturais.

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, o 26 de maio proxectouse en NORMAL a curta *A rosa incandescente*, de Anxo García Fontes, que foi seguido dun coloquio.

Desenvolvéronse en Ferrol diversos **roteiros**, que tiveron un grande éxito, e celebrouse o **Día da Danza**. En concreto, na liña de apoio que NORMAL, como centro de intervención cultural amosou e amosa cara ás artes performativas, celebrouse coa pre-estrea da peza de danza contemporánea “Blues de medianoite”, de Alba Fernández Coteló, realizada no exterior de NORMAL, e ao que seguiu unha sesión de DJ con Jas Processor para que a xente puidese celebralo bailando. A maiores, organizáronse outras actividades musicais, charlas e actos.

Na celebración do **ano de María Casares**, para alén da presentación dunha publicación realizada baixo

a responsabilidade do Servizo de Publicacións da nosa universidade, colocáronse nos diversos centros da UDC siluetas da actriz cun código QR que levan á información sobre esta figura senlleira a nivel internacional no ámbito das artes escénicas e nacida na cidade da Coruña.

■ DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

A **Unidade de Divulgación Científica da UDC** (UDCC), en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística (SNL) participa desde 2019 na edición en galego do **calendario científico escolar do CSIC** con 1 000 copias nesta lingua. Trátase dun proxecto da FECYT dirixido principalmente ao alumnado de educación primaria e secundaria obrigatoria.

No ano 2022 convócase a **I edición do Certame Cóntame a túa Investigación** coa finalidade de promover entre o noso alumnado as habilidades de comunicación e divulgación da ciencia. Trátase de realizar un audiovisual en formato de monólogo científico de tres a cinco minutos en que se conte de forma divulgativa, atractiva e divertida o contido da súa investigación.

A UDCC participa no **Concurso #HiloTesis 2022**, unha iniciativa de ámbito estatal da RedDivulga de Crue Universidades Españolas para promover o desenvolvemento de habilidades de comunicación e divulgación científica de futuros ou recentes doutores. Realizouse unha fase galega deste concurso en colaboración coas outras universidades públicas galegas.

En conmemoración do Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia, organizouse a actividade **Atrévete a pescudar con elas!** en que se xera un espazo que permita a interacción das investigadoras co público presente e que trata de fomentar a visibilidade das contribucións ao coñecemento das mulleres

no ámbito universitario e na ciencia en xeral, favorecer un contexto social en que as mulleres se vexan capaces e recoñecidas para elixir o seu futuro sen condicionamentos e sensibilizar a sociedade sobre a necesidade de erradicar estereotipos que condicionan a elección de estudos das nenas, adolescentes e mulleres novas. Na edición do 2022, 54 estudantes e 3 docentes realizaron visitas a algúns dos centros de investigación da UDC.

Neste ano 2022 convocouse a **IV edición dos premios ISABEL ZENDAL** de Promoción do Pensamento Crítico en Educación Secundaria e Bacharelato coa finalidade de promover o pensamento crítico e a cultura científica. Presentáronse 33 solicitudes e concedéronse 3 premios por categoría e un accésit.

Por segunda vez, a UDCC, en colaboración coas outras universidades públicas galegas, celebra o evento da **Noite Europea das Persoas Investigadoras, GNIGHT**, este ano co lema “Conciencias creativas”, que se desenvolve de maneira simultánea en preto de 400 cidades de toda Europa.

■ RESPONSABILIDADE SOCIAL

A **UDC Saudable** deu continuidade no ano 2022 ás accións centradas nas estratexias relacionadas coa alimentación e o benestar biopsicosocial na comunidade universitaria.

O **programa de atención psicolóxica á comunidade universitaria Afrontemos**, que se puxo en marcha en novembro do ano 2020, consolidouse no ano 2022. Trátase dun programa de atención especializada (intervención psicoterapéutica executada por especialistas de psicoloxía sanitaria e clínica) dirixido a quen poida estar pasando por unha situación de crise psicolóxica. É un servizo gratuíto da UDC a que se pode acceder de xeito presencial ou en liña. Durante os 30

